Ademais, co obxectivo de fortalecer o movemento asociativo, o igual que en anos anteriores, no 2021 firmáronse 6 convenios de colaboración para apoiar ás organizacións e entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses de persoas gays, lesbianas, transexuais, bisexuais e intersexuais.





En particular, levarán a cabo actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI, como son campañas de información social, acompañamento e asesoramento sobre os recursos sociais e sanitarios, formación específica para o persoal das administracións públicas ou ben materiais didácticos.

Cómpre destacar que estes convenios comezaron a asinarse no ano 2016 e no ano 2017 apareceu, por primeira vez, unha partida específica nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI.

En conclusión, o obxectivo do Goberno galego non é outro que o de garantir que todas as persoas, sen importar a súa orientación sexual e identidade de xénero, poidan exercer plenamente os seus dereitos con dignidade e liberdade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/01/2022 13:35:07  
**Nº Rexistro: 28889**  
Data envío: 25/01/2022 13:35:07.432

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2022 13:35:04**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 24768**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas da Xunta de Galicia para reparar a discriminación das persoas xordas no seu acceso a unha educación inclusiva”**, (publicada no BOPG número 229 do 18 de novembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 24941 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 23-24/11/2021; á que nos remitimos porque serviu para explicar a normativa e os protocolos educativos que sigue a Administración educativa galega para a planificación e a intervención educativa co alumnado con discapacidade auditiva ou xordeira.

A elaboración do Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva contou coa participación de profesionais da orientación educativa, de especialistas de audición e linguaxe, de técnicos da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), de especialistas do Equipo de Orientación Específico e das asesorías técnicas docentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Asemade, a Consellería ten asinados convenios de colaboración con dúas entidades dedicadas a atención de persoas con discapacidade auditiva, como son a propia FAXPG e a Asociación de Colaboración e Promoción do xordo (ACOPROS). Estes convenios de colaboración permiten coordinar as actuación que se levan a cabo desde diferentes ámbitos, o que redundará nunha mellor actuación coas persoas con discapacidade auditiva.

E, por suposto, o ensino galego conta tamén con recursos humanos para cubrir as



necesidades de atención á diversidade do noso alumnado. Cabe sinalar que, froito da normativa e da organización de recursos, Galicia conta cun modelo de atención á diversidade que é referente para o resto de España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:07:19  
**Nº Rexistro: 28643**  
Data envío: 24/01/2022 11:07:19.719

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:07:16

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25038**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a resolución da convocatoria das axudas do Programa Emega de 2021"**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O programa Emega consolídase como medida específica para o fomento do emprendemento feminino, comprendendo as seguintes liñas e axudas complementarias:

a) Liña Emprende: liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

b) Liña Innova: liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade en empresas constituídas por mulleres, e que impliquen a creación de emprego feminino vinculado ao proxecto de mellora.

c) Liña Activa: liña de axudas económicas mediante incentivos para favorecer a reactivación e consolidación de empresas constituídas por mulleres, a través de medidas de renovación, implantación, ampliación ou cambio de localización da actividade dirixidas a paliar unha situación económica adversa, e que resulten necesarias para o mantemento do emprego por conta propia e por conta allea, así como para acadar o necesario equilibrio empresarial e asegurar a súa pervivencia e consolidación no actual contexto económico.





d) Liña ITEF: liña de axudas económicas mediante incentivos para impulsar a implantación de iniciativas empresariais de carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica, promovidas por mulleres e que supoñan a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

e) Concilia: axuda complementaria das liñas Emprende, Innova, Activa e ITEF para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, nas súas dúas modalidades:

- Concilia-promotoras e
- Concilia-persoas traballadoras por conta allea.

O programa Emega de emprendemento feminino, é unha iniciativa autonómica que só na convocatoria do ano 2021 permitiu a posta en marcha de 234 novos proxectos e a consolidación de 512 empregos, segundo se recolle na resolución destas axudas no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 19 de novembro do 2021.

No ano 2021 precisamente vense de conmemorar o 25 aniversario da posta en marcha do Programa Emega, o éxito, a continuidade e o fortalecemento deste programa no tempo demostra que un dos piares “irrenunciabes” sobre os que se asenta a actuación da Xunta de Galicia e a procura da igualdade de oportunidades entre os galegos e galegas.

O programa Emega, erixiuse como “punta de lanza” da promoción da igualdade no eido laboral, o apoio do Goberno galego a estas iniciativas susténtase en que sempre se creu no liderado, talento, capacidade resolutiva das mulleres para saír adiante e procurar oportunidades especialmente nos tempos máis duros da pandemia.





En 2021, para apoiar o emprendemento feminino, a Xunta incrementou nun 54% o orzamento do programa Emega ata chegar aos 3,2 millóns de euros. Aumentáronse todos os incentivos en 2.000 euros, polo que as contías para as mulleres beneficiarias desta última convocatoria oscilan entre os 8.000 e 42.000 euros, segundo os postos de traballo xerados. Só nos últimos doce anos (2009-2021), a Xunta investiu neste programa máis de 14 millóns de euros para apoiar 1.134 iniciativas empresariais femininas, permitindo consolidar 2.113 postos de traballo femininos.

Así a Xunta vén de reforzar para 2022 a dotación orzamentaria desta iniciativa, que alcanzará os 4,2 millóns de euros, o importe máis alto de toda a súa historia.

Galicia está contribuíndo coas súas políticas públicas a afianzar o emprendemento feminino, xa que conta cunha taxa de emprendemento feminino do 6,8% fronte ao 3,7% masculino, o que sitúa a Galicia á cabeza do resto das comunidades, só superada por Cataluña”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/01/2022 13:34:59  
**Nº Rexistro: 2888**  
Data envío: 25/01/2022 13:34:59.229

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2022 13:34:56**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 25246** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia de asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música”**, (publicada no BOPG número 237 do 2 de decembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 16634 e publicada no BOPG número 178, de data 02/08/2021; á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:06:00  
**Nº Rexistro: 28632**  
Data envío: 24/01/2022 11:06:00.783

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:05:56**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25326**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da chegada de avances e melloras nas infraestruturas de Galicia por parte do Goberno central"**, (publicada no BOPG número 237 do 2 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 25306, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 19 de xaneiro de 2022, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas reivindicou como un éxito colectivo dos galegos a chegada do AVE a Ourense, aínda que sinalando que segue pendente para o resto da comunidade, polo que é necesario poder dispoñer de trens AVRIL e a planificación do proceso de cambio de ancho de vía internacional da rede ferroviaria interior.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, ao respecto da AP-9, indicou que as peaxes desta vía continúan a ser as que máis aumentan cada ano e que a Xunta leva desde o ano 2009 demandando a súa transferencia á Comunidade.



A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=1055](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=1055)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=2111](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=2111)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/01/2022 09:41:28  
**Nº Rexistro: 28926**  
Data envío: 26/01/2022 09:41:28.398

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:41:24

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25426**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para ampliar e reforzar a rede de Centros de Información ás Mulleres a través do impulso de modificacións no Decreto 130/2016, do 15 de setembro”**, (publicada no BOPG número 237 do 2 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 23 de setembro de 2021, a secretaría xeral da igualdade, deu resposta á pregunta oral número de rexistro 18881, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto do reforzo dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista, na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

O Goberno Galego aposta decididamente polo mantemento dos Centros de Información ás Mulleres (CIM), incrementando o orzamento para o 2022 nun 10,5% con respecto a 2021. En total, desde 2009, a Xunta destinou máis de 38,3 millóns de euros no apoio ao funcionamento destes centros.

Actualmente Galicia conta con 84 CIM, logo das últimas acreditacións do CIM de Pereiro de Aguiar, e o CIM de Carballeda de Avia, tendo estes recursos representación nas catro provincias, para a atención, orientación, asesoramento e apoio ás mulleres, no ámbito do fomento do asociacionismo, emprendemento e tamén, e en especial, para as vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, así como para as mulleres vulnerables.



Asemade cómpre recordar que os CIM son de titularidade municipal, a Xunta de Galicia asesora, acompaña na creación de ditos centros, e financia o persoal, así como a formación dentro do Plan Anual para profesionais dos CIM.

Ademais, a modalidade de financiamento é con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, o que representa unha constatación do recoñecemento por parte da administración autonómica da importancia e a necesidade deste recurso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/01/2022 13:34:51  
**Nº Rexistro: 28887**  
Data envío: 25/01/2022 13:34:51.495

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2022 13:34:48**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 25767**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do deseño dunha estratexia de estabilidade económica e funcional para o servizo de atención temperá”**, (publicada no BOPG número 240 do 13 de decembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como informou a conselleira de Política Social, Fabiola García, o pasado día 21 de decembro do 2021 no pleno do Parlamento galego en resposta a unha interpelación do grupo parlamentario PSdeG-PSOE, con número de rexistro 25764 sobre o servizo de atención temperá, o Goberno galego incrementará nun 82% o orzamento destinado a esta prestación para mellorar o servizo e ampliar o número de unidades.

O vindeiro ano se destinarán 6,2 millóns de euros fronte aos 3,4 millóns de euros no ano 2021, o que permitirá manter as unidades xa existentes e abrir novas unidades ata chegar a un total de 50 unidades. Así mesmo, mellorarase o servizo ao financiar o 100% das horas prestadas e ao incrementar nun 5% o prezo por hora. Neste sentido, nos últimos 11 anos o compromiso da Xunta coa atención temperá non deixou de incrementarse ao multiplicar por 12 o seu investimento e pasar de dúas unidades abertas no ano 2009 ás 36 actuais.

Nestes momentos, o Goberno galego mantén un convenio de colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) para o mantemento das unidades do Deza, Bergantiños e a comarca do Salnés que dan cobertura a un total de 22 concellos e financia a posta en marcha de 33 unidades municipais que presta servizo a outros 145 concellos e atenden a máis de 2000 nenas e nenos.

A colaboración do Goberno galego coas entidades sociais e locais permitiu que a atención



temperá pasara nos últimos anos de ser un servizo ao alcance duns poucos e afincado nas cidades a ser unha prestación de proximidade, totalmente gratuíta e accesible. Así mesmo, este mesmo ano impulsouse o primeiro Plan de formación destinado aos profesionais do sector para seguir mellorando a calidade e unificar criterios de atención”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 16:30:00  
**Nº Rexistro: 28834**  
Data envío: 24/01/2022 14:05:59.747

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 14:05:52**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25841**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a execución dos fondos do programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014-2020"**, (publicada no BOPG número 240 do 13 de decembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A execución de obras de saneamento estratéxicas nas rías, dado que normalmente se sitúan en dominio público marítimo terrestre, requiren da pertinente autorización da Dirección Xeral da Costa e o Mar, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica. En moitos casos, os requisitos que impón este organismo estatal retrasan, e en ocasións impiden, a execución de actuacións capitais para as rías, tanto desde o punto de vista ambiental como socioeconómico.

Por esta razón, a Xunta de Galicia ten requirido ao Ministerio de Transición Ecolóxica o establecemento de criterios claros e maior dilixencia na documentación que lle traslada a Xunta para non poñer en risco fondos FEDER do vixente período operativo.

Augas de Galicia, cunha planificación vixente, en todo momento segue a tramitación establecida na normativa europea. Indicar ademais que os distintos programas operativos europeos indican a tipoloxía de actuacións que se poden executar, establecendo criterios e procedementos de selección desas actuacións.



Tamén establece criterios de investimento estritos, así como auditorías e controis moi específicos en todas as fases da execución das actuacións.

En consecuencia, Augas de Galicia realiza un importante esforzo de planificación para garantir a correcta execución das actuacións dos Programas Operativos. Traballa tamén para articular a colaboración coas entidades locais que permitan mellorar as infraestruturas de abastecemento, saneamento e depuración. Unha vez articulada esa colaboración é necesario ir materializando as actuacións en proxectos construtivos que requiren, como se indicou, unha importante e complexa coordinación previa con todas as administracións implicadas que, en ocasións se alongan no tempo, o que chega a condicionar as posibilidades de investimento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/01/2022 13:34:36  
**Nº Rexistro: 28886**  
Data envío: 25/01/2022 13:34:36.682

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2022 13:34:27

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 25885** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego en relación coa recuperación demográfica"**, (publicada no BOPG número 244 do 20 de decembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva anos traballando de xeito proactivo na fixación de poboación naquelas zonas de Galicia menos poboadas. Por poñer dous exemplos concretos, proba disto son actuacións como o programa de Impostos Cero no Rural, con beneficios fiscais específicos na adquisición de vivenda para aquelas parroquias consideradas zonas pouco poboadas (ZPP) en función dos criterios de Eurostat, ou como o impulso a proxectos específicos no eido social coma as casas-niño, que se están a desenvolver en concellos de menos de 5.000 habitantes que carecen de recursos de conciliación.

Ademais, adicionalmente a Xunta de Galicia está a traballar co resto de comunidades autónomas e co Goberno central nos traballos técnicos de elaboración dun indicador multidimensional de situación e sinopse territorial, co obxectivo de especificar os criterios das zonas de prioridade demográfica, tal como establece o borrador de Estratexia Nacional no que traballan Comunidades Autónomas e Goberno central.



En todo caso, Galicia é unha comunidade autónoma de referencia na adopción de medidas no eido demográfico, e como exemplo a aprobación da Lei de Impulso Demográfico de Galicia, a primeira destas características aprobada en España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2022 11:48:48  
**Nº Rexistro: 29284**  
Data envío: 28/01/2022 11:48:48.718

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:48:39**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 17997** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e don Luis Bará Torres,, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para solucionar os vertidos ao río Asneiro procedente da depuradora de Botos”**, (publicada no BOPG número 173 do 26 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 17996, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 244, do 20 de decembro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2022 12:02:44  
**Nº Rexistro: 29354**  
Data envío: 28/01/2022 12:02:44.272

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:02:41**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18181** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para poñer en marcha un plan de xestión respecto do xabaril e dos danos que produce"**, (publicada no BOPG número 173 do 26 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 24 de xuño de 2021 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 17157. Na súa intervención, a directora xeral explicou as medidas tomadas pola Xunta nos últimos meses relativas á xestión do xabaril e os investimentos realizados pola Consellería de Medio Ambiente.

Enlace ao vídeo da Comisión 7ª celebrada o pasado 24 de xuño de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-24?part=ab091988-fbc2-4774-a1fd-207f752d9438&start=3258> "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:15:59  
**Nº Rexistro: 28716**  
Data envío: 24/01/2022 11:15:59.537

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:15:56**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18283**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da execución, no ano 2021, das obras da rotonda de Elduayen, no concello de Gondomar"**, (publicada no BOPG número 173 do 26 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado mes de febreiro o Concello de Gondomar remitiulle á Axencia Galega de Infraestruturas unha proposta de reforma de glorieta na Avenida de Elduayen, na PO-340, no núcleo de Gondomar.

O pasado 26 de marzo o director da Axencia Galega de Infraestruturas respondeu ao alcalde de Gondomar cunha carta na que lle explicaba que, a pesar de que a proposta de reforma da glorieta non tiña suficiente nivel de detalle, fora analizada dende o punto de vista técnico, en especial no que se refire á seguridade viaria, concluíndo que os cambios propostos empeorarían a seguridade viaria.

Así, segundo se explica na mencionada misiva, a reforma proposta penalizaría de xeito importante os movementos ao longo da PO-340, ao xerar movementos de entrada á glorieta desde a PO-340 con cambios bruscos de traxectoria e radios de xiro moi reducidos, que empeoran a seguridade viaria nos ramais pertencentes á rede autonómica de estradas. Ademais, os illotes deflectores deseñados nas entradas á glorieta desde a PO-340 teñen un tamaño moi reducido, inferior aos actuais, o que dificulta a percepción da glorieta.

Na contestación remitida ao alcalde de Gondomar tamén se fixo constar que a sinistralidade



rexistrada nese punto da PO-340 non é significativa. Así, de acordo cos datos dos partes de accidentes da DGT, nos últimos 5 anos contabilizouse un único accidente con vítimas, foi en setembro de 2018 pero sen que houbera que lamentar feridos graves”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2022 16:30:00  
**Nº Rexistro: 29376**  
Data envío: 28/01/2022 14:26:14.372

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:26:10**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número: 18570**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a evolución negativa do crédito en Galicia e as medidas para corraxir esta situación”**, (publicada no BOPG número 174 do 27 de xullo de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto Nacional de Estatística (INE) publica cada dous anos unhas proxeccións de poboación a curto prazo nas que o organismo estatístico realiza unha estimación da evolución da poboación do conxunto de España e das comunidades autónomas nos seguintes 15 anos. A última proxección publicouse o 22 de setembro de 2020 e fai referencia ao período 2020-2035.

Estas proxeccións basean os seus cálculos nos dous parámetros principais cos que se determina a variación da poboación entre un ano e outro: o saldo vexetativo –entendido como a diferenza entre nacementos e mortes nun mesmo período– e mais o saldo migratorio, é dicir, a diferenza entre entradas e saídas nun mesmo territorio.

Estas proxeccións están suxeitas a un alto grao de incerteza, sobre todo polas enormes dificultades para estimar a futuro a evolución dos movementos migratorios. O propio Instituto Nacional de Estatística advirte de que estas proxeccións “non constitúen unha predición, no sentido de que non teñen como obxectivo determinar cal é a evolución máis probable”.

Proba disto é que as anteriores proxeccións de poboación publicadas polo INE estimaban un descenso de poboación en Galicia dunha intensidade moito maior da que finalmente se produciu. Isto debeuse a que o INE infraestimou os saldos migratorios positivos acadados



por Galicia, toda vez que prevía unha entrada de novos habitantes procedentes do estranxeiro inferior á que en realidade tivo lugar.

Polo tanto, a Xunta de Galicia entende que as proxeccións de poboación deben analizarse con moita cautela, dado que as últimas proxeccións realizadas por este organismo estatístico estimaban a curto prazo un descenso da poboación en Galicia dunha intensidade moito maior da que se produciu.

Os resultados destas proxeccións publicados o pasado 22 de setembro confirman en todo caso que o reto demográfico non é un fenómeno que afecte en exclusiva a Galicia senón que se trata dunha realidade cunha incidencia cada vez maior no conxunto do territorio español. De feito, as proxeccións realizadas polo INE indican que a metade das comunidades autónomas perderán poboación nos vindeiros 15 anos.

En todo caso, o Goberno galego é plenamente consciente de que o reto demográfico é un reto estrutural de importantes consecuencias económicas e sociais, polo que é necesario actuar desde unha perspectiva integral. Acadar a revitalización demográfica e o recambio xeracional convértese nun obxectivo urxente e imprescindible para a sustentabilidade económica e social, e por iso, a Xunta de Galicia, desde o ano 2013, veu recollendo este desafío en sucesivos documentos de planificación, que culminaron na instauración da recuperación demográfica como un principio transversal a todos os eixes de actuación do Goberno que leva a cabo o Plan Estratéxico Galicia 2015-2020, onde se recolle, ademais, un paquete integral de medidas para avanzar no obxectivo de crear en Galicia un ambiente social favorable para vivir, para formar unha familia e para que cada quen poida ter os fillos e fillas que desexe.

Entre estas medidas figuran a posta en marcha da Tarxeta Benvida; a creación dunha rede de casas-niño en concellos de menos de 5.000 habitantes que carecen dun recurso de atención á infancia; ou o programa de gratuidade na atención educativa 0-3 anos, medidas coas que Galicia está a ser pioneiras nas políticas demográficas de España. Ademais, a isto súmase a aprobación 26 de xaneiro do 2021 polo Parlamento galego da Lei de Impulso Demográfico, a primeira destas características aprobada en España.





Aínda que a situación demográfica de Galicia aínda segue estando moi lonxe do desexable (somos a terceira comunidade con menor número de fillos por muller, cunha taxa de 1,02), o estudo de Movemento Natural da Poboación do INE revela que en 2020 Galicia foi a comunidade que mellor resistiu os efectos demográficos da pandemia, xa que Galicia foi a segunda comunidade na que mellor resistiu a cifra de nacementos, detrás das Illas Baleares. Caeron un 3,2%, mentres que a media nacional está nunha redución do 5,9%. E Galicia foi a segunda comunidade na que menos se incrementou a cifra de defuncións, detrás das Illas Canarias. Faleceron un 5% máis de persoas que en 2019, mentres que a media nacional está nun incremento do 17,7%".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:15:46  
**Nº Rexistro: 28714**  
Data envío: 24/01/2022 11:15:46.115

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:15:43**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18597** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **“as intencións da Xunta de Galicia, previas ás modificacións dispositivas necesarias, respecto da reversión á xestión pública dos aproveitamentos hidroeléctricos con fins de utilidade pública e interese social e mais como vector de crecemento económico”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A extinción dos dereitos concesionais relativos ás concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración Hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso por caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades.

As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural.

Nos casos nos que resulte viable e exista posibilidade de elección da alternativa de continuidade da explotación hidroeléctrica, esta xestión realizarase mediante un modelo que reverta no interese público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**







Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:00:34



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18609** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante a situación de colapso dos servizos sociais da cidade de Ourense no marco da actual crise”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A consellería de Política Social destinou no ano 2021 máis de 425.000 euros para cofinanciar os servizos sociais comunitarios no concello de Ourense e máis de 170.000 € para o desenvolvemento de programas de inclusión social.

O Goberno galego é coñecedor da situación dos servizos sociais comunitarios do concello de Ourense, agravada a consecuencia da crise económica e social provocada pola pandemia da Covid-19, e no ano 2021 incrementou o apoio aos servizos sociais desa cidade.

Por unha banda, incrementouse o importe concedido para cofinanciar persoal dos servizos sociais comunitarios, elevando a aportación autonómica para permitir o incremento de 3 novos/as traballadoras ou traballadores sociais, que se suman aos xa financiados anteriormente: 11 traballadores/as sociais, 5 titulados medios e 1 titulado superior. A contía total destinada a gastos de persoal ascendeu a preto de 340.000 euros. Así mesmo, destináronse 86.000 euros a cofinanciar o Servizo de Axuda no Fogar básico.

Por outra banda, o concello de Ourense obtivo unha importante axuda con cargo á convocatoria destinada a concellos para financiar programas de inclusión no período 2021-2023 (cofinanciada con fondos REACT UE) . A contía asignada para todo o período (22 meses) ao concello de Ourense ascendeu a 400.000 euros, un 19% máis que no período anterior no que obtivera 290.000. Con esta axuda a cidade implementará un total de 10 programas distintos, dirixidos a persoas en situación ou risco de exclusión social, e destinará algúns



deles especificamente a traballar con persoas inmigrantes e poboación xitana.

Así mesmo, compre lembrar que en xullo de 2020 coa colaboración da Cruz Vermella, púxose a disposición dos servizos sociais comunitarios un mecanismo simplificado para facilitar a tramitación da tarxeta social básica. De feito, o concello de Ourense é o segundo concello de Galicia no que máis tarxetas básicas se tramitaron: un total de 4.228 dende o inicio do programa ata o 31 de decembro de 2021. O importe estimado que repercutiu na cidade de Ourense por este concepto supera os 2,8 millóns de euros.

A Xunta de Galicia mantén a súa liña continua de apoio técnico e económico aos servizos sociais de todos os concellos galegos e, consonte o principio de colaboración institucional, valorará todas as propostas que reciba, no exercicio da súa autonomía municipal, porque compre lembrar que consonte o previsto no artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e mais nos artigos 9, 10, 11, 60 e 61 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos é unha competencia propia dos concellos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:15:39  
**Nº Rexistro: 28713**  
Data envío: 24/01/2022 11:15:39.428

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:15:36**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18663** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia en relación co estado do protocolo interinstitucional de actuacións sobre delitos sexuais do partido xudicial de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a violencia sexual e os abusos sexuais constitúen unha forma de violencia de xénero e, polo tanto, as persoas vítimas de violencia sexual e abusos sexuais teñen a condición de vítimas de violencia de xénero.

Ao amparo deste marco lexislativo, e como parte dos traballos realizados polo Observatorio Galego da Violencia de Xénero (grupo de traballo 4.- Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual), estudouse, en colaboración co partido xudicial de Santiago de Compostela, a posibilidade de elaborar un protocolo de actuación ante delitos de violencia sexual, que sería de aplicación no ámbito xudicial.

Consciente da singularidade da violencia sexual e dos abusos sexuais como unha forma específica de violencia de xénero, dentro da enquisa sobre a percepción da violencia de xénero en Galicia, presentada en novembro de 2020, dedicouse un apartado específico á violencia sexual, cuxos resultados revelan que, en relación aos motivos que a cidadanía considera como desencadeamento da violencia sexual, o maior grao de acordo (todos por enriba do 80%) maniféstase co ‘machismo imperante na sociedade’, os ‘problemas psicolóxicos ou mentais dos agresores’, a ‘falta de autocontrol do agresor’ e o ‘abuso de



alcohol e drogas' dos agresores. Menor consideración obteñen os que se poden definir como motivos vinculados directamente ao comportamento sexual.

Polo tanto, o Goberno galego continúa a achegar esforzos e recursos para darlle unha atención específica e especializada ás vítimas de delitos sexuais. Neste senso, no eido da atención ás vítimas de violencia sexual, ademais de seguir operativo o servizo de apoio psicolóxico a vítimas de violencia sexual, priorizando o mantemento e o contacto permanente con todas as usuarias, tamén se manteñen todos os programas específicos destinados á súa atención, como o Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, desenvolvido pola Fundación Meniños en colaboración coa Consellería de Emprego e Igualdade, cuxas destinatarias son mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, que mostran desaxustes físicos, emocionais, condutuais e de relación como consecuencia do abuso, así como os seus familiares ou persoas que, baixo o consentimento da vítima, teñen un papel imprescindible na súa recuperación.

O seu obxectivo non é outro que promover o seu desenvolvemento nun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións traumáticas; acompañar ás mulleres na adquisición de información e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso; elaborar dunha narrativa adecuada do trauma e promover a integridade da identidade e benestar bio-psico-social.

Estes programas complementáanse co desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención, así como de atención e apoio a vítimas de violencia sexual e trata, mediante convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro, pertencentes á Rede Galega contra a Trata.

Por outra banda, sinálase que no marco do Grupo de traballo 1, constituído dentro do Observatorio Galego da violencia de Xénero, levouse a cabo o deseño e redacción do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, para facilitar a coordinación e colaboración entre as



distintas entidades e axentes que interveñen no eido da violencia de xénero e garantir unha atención integral ás mulleres e menores que a sofren.

Como recurso complementario a este protocolo, a Secretaría Xeral da Igualdade, en colaboración coa AMTEGA, puxo en marcha o Mapa de recursos en liña na área da violencia de xénero. Na xuntanza do Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, do 20 de marzo de 2018, incorporáronse ao texto do Protocolo as achegas realizadas pola Fiscalía Xeral do Estado, e validouse definitivamente o dito Protocolo. Dentro do protocolo identificáronse propostas de mellora e recomendacións dirixidas a cada unha das áreas obxecto de estudo e análise. Así, establécense propostas no eido da formación e da capacitación nas áreas sanitaria, das forzas e corpos de seguridade, xurídica e social. Así mesmo, tamén se identifican propostas de actuación no eido da atención das mulleres e menores que sofren violencia de xénero, dirixidas a cada unha desas áreas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2022 16:30:00  
**Nº Rexistro: 29374**  
Data envío: 28/01/2022 14:26:00.029

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:25:57**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18674**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante a situación de incumprimento do prego de condicións do servizo de axuda no fogar na cidade de Ourense”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é fundamental para que as persoas maiores que deciden permanecer nos seus domicilios poidan contar cunha atención profesional de calidade, ademais de facilitar a conciliación persoal e laboral das súas familias.

O SAF é un eixo estratéxico nas políticas sociais da Xunta. Trátase dun servizo esencial que o Goberno galego reforza cada ano, aumentando os orzamentos que se destinan a tal fin para poder asignar cada vez máis horas, conforme ao incremento da súa demanda. Deste xeito a Xunta de Galicia negociou coa Fegamp o incremento da achega autonómica ao Servizo de Axuda no Fogar. En base a este acordo, a contía que achega a Xunta a este servizo subirá un 24% ao longo desta lexislatura pasando dos 9,7 euros/hora actuais aos 12 euros/hora no ano 2024.

Aínda que o SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno autonómico, a súa xestión corresponde aos concellos. Neste caso, o titular do servizo é o concello de Ourense e, en consecuencia, esta entidade local é a responsable da súa xestión.

Ao concello de Ourense correspóndelle velar para que se cumpran as condicións recollidas no contrato celebrado coa empresa.

A Consellería de Política Social, a través da Inspección de Servizos Sociais, supervisa que o servizo se estea prestando de xeito adecuado, é dicir, a correcta atención ás persoas



usuarias.

Pola súa banda, a vixilancia do cumprimento da normativa laboral, como en calquera outro sector, é competencia da Inspección de Traballo, dependente da Vicepresidencia Terceira e Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno Central”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:15:29





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18889** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as políticas públicas dirixidas a impulsaren o acceso da mocidade á vivenda e ao emprego”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Co obxectivo de mellorar a autonomía, a mobilidade e a inserción laboral, e por ende a propia emancipación da mocidade, a Xunta de Galicia puxo en marcha en 2020 e 2021 senllas convocatorias de axudas para a obtención do carné de conducir de turismo ou de camiión, requisito clave, en moitas ocasións, á hora de acceder a un posto de traballo.

Así mesmo, e tamén desde o eido da educación non formal, lévanse a cabo diferentes iniciativas que procuran mellorar as competencias e habilidades da xente moza, tales como o novidoso programa Xuventude Mentoring, iniciado en 2021 en colaboración coas tres universidades galegas. Trátase dun programa de formación e mentorizaxe no que profesionais de diferentes ámbitos comparten a súa experiencia e aprendizaxe cos mozos e mozas participantes, servíndolles de guía e orientación de cara á súa entrada no mercado laboral.

Neste sentido, e co fin de poñer a disposición da xuventude galega máis ferramentas que axuden a ampliar o coñecemento dos recursos existentes, este 2022 activarase



unha oficina virtual de orientación e asesoramento xuvenil que aclarará dúbidas en materia de formación, emprego ou vivenda, entre outras cuestións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 12:42:49  
**Nº Rexistro: 28754**  
Data envío: 24/01/2022 12:42:49.109

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 12:42:46**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19024** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da asunción da titularidade e da xestión da Escola Infantil Municipal de Ponteareas”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En canto á Escola Infantil Municipal de Ponteareas, non cabe a suspensión do expediente xa que este está finalizado e pagado, polo que non está previsto que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asuma ningunha escola infantil municipal en funcionamento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 12:42:34  
**Nº Rexistro: 28752**  
Data envío: 24/01/2022 12:42:34.047

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 12:42:31

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19237** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Sandra Vázquez Domínguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do uso da Tarxeta Xente Nova”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 19236, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión celebrada o 23 de setembro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director xeral de Mobilidade referiuse ás cifras de distintos concellos e comarcas de Galicia que avalan a boa acollida da tarxeta Xente Nova, que permite viaxar gratis nos autobuses da Xunta aos mozos menores de 21 anos.

A resposta completa do director xeral de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZDYxNWy5NDYtMTMyNC00YjNiLTkwNmEtNmQyMGM4OWRmNTZi&start=7861](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDYxNWy5NDYtMTMyNC00YjNiLTkwNmEtNmQyMGM4OWRmNTZi&start=7861)



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDYxNWY5NDYtMTMyNC00YjNiLTkwNmEtNmQyMGM4OWRmNTZi&start=8575>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:25:36





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19401** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións de investimentos na mellora da rede de saneamento e depuración nos concellos que verten á foz do Miñor”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está a colaborar en materia de saneamento e depuración tanto co Concello de Gondomar como co resto dos concellos desta zona para lograr a correcta prestación dos servizos da súa competencia. Proba disto é que a Xunta xestiona desde 2005, a través de Augas de Galicia, a estación depuradora de augas residuais de Gondomar e está a colaborar na súa mellora; e tamén asume o funcionamento das EDAR de Nigrán (tamén desde 2005) e Baiona (desde que iniciou o seu funcionamento en 2010).

A Administración autonómica tamén realiza ademais o control, inventario, seguimento e emenda dos puntos de vertedura, como parte imprescindible dunha labor dirixida a acadar a calidade das masas de augas nesta zona.

No que atinxe ás deficiencias na rede de saneamento e depuración de Gondomar ás que se alude na iniciativa, hai que indicar que Augas de Galicia redactou en xuño de 2010 un proxecto de adecuación da súa rede de saneamento en resposta á petición de colaboración técnica e financeira formulada polo Concello, que incluía a financiamento por parte da Xunta do 100% das obras e cuxo orzamento de licitación superou os 3,4 millóns de euros.

Coa execución desta actuación conseguíanse evitar as verteduras que se estaban a producir nos ríos Zamáns e Miñor, eliminando as graves infiltracións de augas brancas presentes nos colectores da rede xeral de saneamento e acadar unha adecuada xestión das augas pluviais.



Así mesmo, proporcionábase unha solución ao problema de sobrecarga na EDAR de Gondomar que, como consecuencia das deficiencias na rede de saneamento municipal, estaba a superar o caudal admisible.

A Xunta licitou e adjudicou o contrato da obra de saneamento, que empezou a executar o 15 de decembro de 2011. Pero o 7 de decembro de 2015 e coas obras executadas ao 46,58% o Concello de Gondomar ordenou indebidamente, tal e como foi confirmado posteriormente en sede xudicial, a paralización da actuación por motivos urbanísticos.

A actuación do Concello de Gondomar derivou na obrigada extinción do contrato de obra licitado por Augas de Galicia, o que xerou á Xunta importantes danos e prexuízos.

A Xunta de Galicia apoia aos concellos e leva a cabo unha colaboración intensa, tanto financeira como técnica e de control, pero os concellos teñen competencias moi importantes que deben exercer e garantir, e deben ademais exercer a súa responsabilidade e colaborar con lealdade co resto de Administracións. O cumprimento dos parámetros de vertido e da normativa é obrigado para conseguir resultados. Tamén o é realizar una boa xestión e un axeitado mantemento das redes. A Xunta axuda e colabora, pero ese apoio non exime a cada administración de realizar correctamente o seu traballo e require dunha colaboración mutua que, as veces, non se produce”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2022 11:59:21  
**Nº Rexistro: 29337**  
Data envío: 28/01/2022 11:59:21.338

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:59:18**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19405**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación da estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O pasado mes de xuño o Goberno galego presentou oficialmente a vindeira Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada, unha estratexia pioneira a nivel nacional que contou coa colaboración da FEGAMP e das entidades máis representativas dos maiores en Galicia.

Para chegar ata aquí, o primeiro paso consistiu en realizar unha diagnose da soidade non desexada en Galicia para coñecer as súas causas e consecuencias; e as distintas iniciativas postas en marcha noutros países de Europa. O seguinte paso centrouse en coñecer o perfil das persoas que viven en soidade non desexada, tanto a nivel nacional como a nivel da nosa comunidade. O resultado destes estudos permitiu obter unha primeira aproximación a este fenómeno.

Minimizar os efectos que ten este fenómeno sobre os maiores, require o deseño de actuacións específicas. Por iso, o plan da Xunta de Galicia oríentase en cinco liñas estratéxicas de actuación:

A prevención: Impulsando actividades que favorezan as relacións sociais como o voluntariado, a participación social ou cultural. Ou mesmo promovendo novas formas de vivenda como o cohousing ou as vivendas interxeracionais;

A detección: Detectar estas situacións é crucial para que estas persoas sexan derivadas a programas deseñados para paliar os seus efectos.



A intervención: mediante actuacións como a formación dos profesionais de atención primaria e dos servizos sociais para saber como intervir; o novo modelo residencial centrado na persoa e na súa contorna; ou mediante a realización dun mapa de recursos á súa disposición que responden ás súas necesidades.

A visibilización do fenómeno para que todos nós coñezamos o problema e actuemos.

A cooperación entre o sector público, o privado e as entidades sociais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:13:18  
**Nº Rexistro: 28694**  
Data envío: 24/01/2022 11:13:18.571

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:13:16

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19406**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o actual índice de cobertura do servizo de teleasistencia en Galicia”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A día de hoxe, máis de 7.500 galegos e galegas son usuarios do servizo de teleasistencia da Xunta de Galicia.

Así mesmo o 100% das persoas dependentes que teñen recoñecido este servizo xa o teñen instalado ou xa están en fase de instalación polo que a día de hoxe non existe ningún beneficiario do servizo de teleasistencia incluído no denominado Programa de Asignación de Recursos e que teña que agardar para verlle recoñecido o seu dereito a utilizalo.

O orzamento anual destinado na actualidade á prestación do servizo de teleasistencia ascende a preto de 1,4 M€ a través do contrato asinado coa Cruz Vermella para a prestación dun servizo público de teleasistencia e sistema de xeolocalización”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:13:12  
**Nº Rexistro: 28693**  
Data envío: 24/01/2022 11:13:12.259

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:13:09**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 19476**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"e o estado actual de desenvolvemento do programa de inspeccións en pontes e obras de paso que vén aplicando a Xunta nas estradas da súa titularidade"**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 26603, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 19 de xaneiro de 2022, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas explicou que a Xunta leva investido 18,6 millóns de euros nos últimos 10 anos en actuacións para garantir a conservación e reforzar a seguridade das pontes e obras de paso das estradas autonómicas.



O director da Axencia Galega de Infraestruturas tamén indicou que, derivado da boa experiencia anterior, a Xunta comezou recentemente un novo programa, de inventario e inspección de noiros e muros na rede autonómica de estradas de Galicia, co obxectivo de avaliar a conservación de noiros e sistemas de contención das vías.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=2800](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=2800)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=3334](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=3334)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2022 11:58:58  
**Nº Rexistro: 29335**  
Data envío: 28/01/2022 11:58:58.932

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:58:56**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19496** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego relativas á corrección do topónimo de Ourense na sinalización viaria galega, singularmente na estrada Ou-536 (Ourense-Trives)”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 19495, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 237, do 2 de decembro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2022 11:58:36  
**Nº Rexistro: 29333**  
Data envío: 28/01/2022 11:58:36.494

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:58:34**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19527** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **“as razóns do Goberno galego para non aprobar os plans de recuperación e conservación de cento noventa e seis especies ameazadas”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As especies silvestres, particularmente as ameazadas, son obxecto dun seguimento específico para avaliación periódica do seu estado de conservación. Entre os traballos, inclúese a obtención de información sobre a evolución da área de distribución e o estado de conservación das súas poboacións.

Nos últimos anos, realizouse un seguimento específico das especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas, como: aguia real, mazarico real, aves mariñas reprodutoras, fentos de valgada, odonatos, etc., así como doutras que non se atopan no Catálogo, como o corvo mariño grande.

Asemade, todos os instrumentos de xestión de espazos naturais protexidos inclúen medidas específicas de xestión e conservación de especies de flora e fauna silvestre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 27/01/2022 09:30:00  
**Nº Rexistro: 29089**  
Data envío: 27/01/2022 08:13:12.142

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:13:09**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19558**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance respecto do nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o ano 2009 o esforzo inversor realizado pola Xunta ten mobilizando máis de 1.100 millóns de euros en saneamento e abastecemento. Así, leváronse a cabo 350 actuacións de saneamento, que beneficiaron a 165 concellos, e máis de 300 actuacións en materia de abastecemento, das que se beneficiaron 186 concellos.

Desde 2009, a Administración autonómica construíu 45 novas depuradoras, con capacidade para dar servizo a 1,7 millóns de galegos, o que supón máis da metade dos cidadáns.

Realizou tamén un importante traballo de planificación na execución de infraestruturas de saneamento e depuración, coa elaboración dos plans de saneamento locais, cos que se fai un diagnóstico da situación na que se atopan os sistemas de saneamento dos municipios e establecen propostas encamiñadas a emendar de forma integral os problemas detectados.

Grazas á realización dos plans, as entidades locais dispoñen da información necesaria para desenvolver correctamente as súas competencias: trazados dixitalizados das redes, modelos que permiten avaliar futuras actuacións, instalacións de control e ferramentas informáticas para o seguimento telemático dos problemas.



Nestes últimos anos, o importante esforzo en planificación, programación e investimento realizado, permitiu dar un salto cualitativo en tres aspectos clave como son a extensión dos servizos de saneamento e depuración, a mellora da prestación deses servizos e a mellora da calidade das augas das rías galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2022 16:30:00  
**Nº Rexistro: 29370**  
Data envío: 28/01/2022 14:25:32.045

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:25:27**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 19559**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para pór en marcha un procedemento que permita a corrección progresiva da linguaxe sexista da lexislación autonómica actualmente en vigor”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A erradicación do uso da linguaxe sexista está recoñecida dentro do ordenamento xurídico galego a nivel lexislativo. Así, o vixente Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, dedícalle o capítulo II do seu título I a regular a erradicación do uso sexista da linguaxe, establecendo no seu artigo 11 a definición do uso non sexista da linguaxe e regulando no artigo 12 a erradicación do sexismo na linguaxe institucional e social.

Tal e como se indica na exposición de motivos da pregunta parlamentaria, para garantir a utilización dunha linguaxe normativa non sexista, no informe de impacto de xénero que, de acordo co artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, debe acompañar ás proposicións de lei e os proxectos de lei presentados no Parlamento de Galicia, inclúese unha análise da linguaxe normativa desde o punto de vista do xénero, efectuándose no devandito informe as recomendacións necesarias para garantir a erradicación do uso da linguaxe sexista, tal e como se esixe legalmente.



Con todo, esta revisión do uso da linguaxe sexista non se efectúa unicamente coas normas con rango de lei, senón tamén coas normas de rango regulamentario, tal e como se establece no artigo 8 do indicado Decreto legislativo 2/2015. De acordo con este precepto, o artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de febreiro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia prevé así mesmo a emisión do informe de impacto de xénero dentro do procedemento para a aprobación dos regulamentos autonómicos con repercusións en cuestións de xénero.

En desenvolvemento da indicada normativa, o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 establece como unha prioridade de actuación do goberno autonómico “consolidar o uso da linguaxe e imaxes inclusivas”, ao entender que unha gobernanza renovada, que aposte claramente pola integración do principio de igualdade de mulleres e homes, debe reflectirse nunha comunicación institucional que utilice unha linguaxe e imaxes inclusivas. A proxección da administración galega no conxunto da sociedade a través dos seus contidos comunicativos ten que basearse no uso dunha linguaxe, mensaxes e contidos visuais que contribúan á transformación social, afastados de estereotipos sexistas configurados a partir dunha asignación de roles e valores diferenciados en función do sexo. Deste xeito, a revisión da utilización dunha linguaxe inclusiva non queda limitada a este ámbito, senón que estende ao conxunto da produción documental da Administración autonómica, revisándose ademais das normas, tamén outros actos administrativos, informes, publicacións, etc, reforzando os coñecementos do persoal da administración autonómica a través de distintas actividades de formación continua neste eido.

Cítanse na pregunta como exemplos de utilización dunha linguaxe sexista, que aínda subsisten no ordenamento xurídico autonómico, a institución do Valedor do Pobo.

En relación co anterior é preciso ter en conta, tal e como se indicou anteriormente, que é unha prioridade de actuación do goberno autonómico





“consolidar o uso da linguaxe e imaxes inclusivas”, non obstante, isto debe levarse a cabo con pleno respecto aos principios de legalidade e de xerarquía normativa. Así, a denominación actual do Valedor do Pobo, institución regulada a nivel legislativo pola Lei 6/1984, do 5 de xuño, vén establecida polo artigo 14 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que á súa vez fai referencia expresa á institución do “Defensor del Pueblo” prevista no artigo 54 da Constitución Española. Nin o artigo 54 da Constitución Española nin a Lei orgánica 3/1981, do 6 abril, pola que se regula a institución do “Defensor del Pueblo” teñen modificada aínda a súa denominación para adaptarse ao previsto no artigo 14.11ª da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en relación á utilización dunha linguaxe normativa non sexista, mantendo actualmente a denominación de “Defensor del Pueblo”, á que se remite o Estatuto de Autonomía de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/01/2022 09:47:40  
**Nº Rexistro: 28955**  
Data envío: 26/01/2022 09:47:40.547

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:47:37**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19570**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a data prevista pola Xunta de Galicia para a apertura do centro social de Alende, no concello de Moraña, e a posta en funcionamento da Unidade de Atención ao Alzheimer”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia publicou o pasado mes de decembro na plataforma de Contratos Públicos de Galicia a licitación do servizo específico de estimulación terapéutica para persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas no concello de Moraña.

A dotación de persoal e a intensidade do servizo axustarase ao establecido no prego de prescricións técnicas e ao prego de cláusulas administrativas que rexerán o contrato. En todo caso, o servizo contará co persoal adecuado e suficiente en areas tales como psicoloxía, terapia ocupacional ou fisioterapia, entre outras.

E no que se refire á intensidade do servizo, este realizarase de modo que facilite a asistencia das persoas usuarias axustándose ás súas necesidades, en función dos seus plans de atención individual”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:13:05  
**Nº Rexistro: 28692**  
Data envío: 24/01/2022 11:13:05.478

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:13:02**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19601**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto de dotar o concello de Narón dunha residencia de maiores de titularidade e xestión públicas”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Como Goberno temos a obriga de xestionar o país cunha mirada global e racional cos recursos de todos os galegos.

No caso da comarca de Ferrolterra estamos traballando na construción dunha residencia pioneira que porá á cidade de Ferrol á vangarda dos coidados de maiores en toda Europa. Será unha residencia punteira, coa última tecnoloxía, 120 prazas 100% públicas, máis de 110 postos de traballo e un investimento de 12 millóns de euros que financiará integramente a Fundación Amancio Ortega. Ademais, estamos a facer melloras na residencia pública que xa existe no barrio de Caranza. Con todo, seguiremos traballando para ampliar e mellorar a atención aos maiores nesta comarca se fose necesario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:12:52  
**Nº Rexistro: 28690**  
Data envío: 24/01/2022 11:12:52.103

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:12:49**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19614**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de persoas falecidas en residencias de maiores en Galicia durante a pandemia da covid-19 e as razóns polas que a Xunta non fai públicos os datos desagregados por centros”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Desde o inicio da pandemia, a Xunta de Galicia traballou sempre coa máxima transparencia achegando datos sobre residencias ao Goberno central co modelo que este marcou, coa frecuencia que indicou e coa profusión que pediu.

Pero, ademais, as galegas e galegos contaron sempre cunha imaxe fiel da situación, actualizada cada día a través dun boletín diario enviado aos medios de comunicación con información detallada acerca dos contaxios e falecementos.

Aínda hoxe, seguimos informando semanalmente dos casos en residencias entre os usuarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:12:45  
**Nº Rexistro: 28689**  
Data envío: 24/01/2022 11:12:45.400

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:12:43**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19617**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción ou creación de novas residencias públicas na comarca da Barbanza na XI lexislatura”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Desde o ano 2009, Galicia incrementou a oferta de prazas públicas en residencias de maiores, que pasou de 5.500 a máis de 8.000.

A Xunta é consciente de que cómpre seguir reforzando esta opción para persoas dependentes, por iso está a traballar coa Fundación Amancio Ortega na apertura de sete novas residencias nas principais cidades galegas que serán 100% financiadas e construídas por dita fundación.

Para iso, contará cun investimento de máis de 90 M€, permitirá a creación de 800 novos postos de traballo e creará 900 novas prazas públicas de maiores que pasarán a estar á disposición de todas as galegas e galegos. A estas prazas haberá que sumarlle as preto de 100 da residencia piloto do Barbanza, que se emprazará en Ribeira, e que nace para dar cobertura a toda a comarca desde a súa cabeceira.

Respecto ao volume de prazas en residencias respecto ao total de persoas maiores de 65 anos, historicamente en Galicia houbo menos demanda deste tipo de servizos que noutras zonas de España. As galegas e galegos preferiron e prefiren,





maioritariamente, facerse maiores nas súas casas. O obxectivo da Xunta é que as persoas maiores de Galicia pasen esta etapa das súas vidas coa atención que necesitan e prefiren”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:12:39  
**Nº Rexistro: 28688**  
Data envío: 24/01/2022 11:12:39.072

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:12:36**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19625**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as irregularidades reflectidas no informe de fiscalización elaborado polo Consello de Contas de Galicia respecto das residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento a Xunta puxo en marcha medidas concretas para conter o avance do coronavirus nos centros residencias. Deste xeito, todas as residencias contaron con:

- Protocolos de actuación antes que o conxunto de España;
- Material de protección;
- Plans de continxencia para actuar cando aparecen casos ou gromos no seu interior;
- Inspeccións conxuntas entre a Consellería de Sanidade e Política Social;
- Cribados semanais por PCR no 100% das residencias;
- Test de antíxenos á disposición de todos os centros;
- Estudo serolóxico en todos os centros;
- Cribado quincenal por PCR a todos os usuarios das residencias nas que non houbo casos, que son tamén nas máis vulnerables;
- Unha auditoría intensiva ao longo de 15 días, para verificar o cumprimento dos



protocolos e das medidas de protección por parte de todas as residencias de Galicia;

- Ou con equipos de intervención rápida para actuar coa máxima velocidade e atallar o avance do virus nunha residencia intervida pola Xunta.

Asemade, todas as residencias estiveron tuteladas polas autoridades sanitarias.

Sempre que nalgunha residencia estivo en perigo a calidade asistencial, a Xunta actuou chegando á intervención do centro cando foi preciso e seguindo sempre criterios exclusivamente sanitarios.

Por outro lado, desde o inicio da pandemia, a Xunta de Galicia traballou sempre coa máxima transparencia achegando datos sobre residencias ao Goberno central co modelo que este marcou, coa frecuencia que indicou e coa profusión que pediu.

Pero, ademais, as galegas e galegos contaron sempre cunha imaxe fiel da situación, actualizada cada día a través dun boletín diario enviado aos medios de comunicación con información detallada acerca dos contaxios e falecementos.

No que respecta á labor inspectora nos centros residenciais, esta desenvólvese con rigorosidade e dilixencia. Dita labor non se interrompeu nin sequera nos momentos máis álxidos da crise sanitaria, posto que seguiu realizando inspeccións, nalgúns casos cun horario moi por encima da xornada laboral.

A figura do persoal inspector atópase regulada na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na normativa de desenvolvemento, estando ademais concretados e asignados os postos na relación de postos de traballo para tal función. Para realizar un labor cun obxecto tan amplo, estanse tomando as seguintes medidas:

- Contratación de persoal interino de apoio para a preparación, instrución e tramitación de expedientes sancionadores. Téñase en conta a este respecto que existe unha maior dificultade na tramitación posterior ás denuncias e ás inspeccións en canto a persoal se refire que non nas asignacións ao persoal da mesma visita.



- Cobertura mediante comisión de servizos dos postos de inspección vacantes en canto non sexan cubertos co sistema ordinario do concurso de traslados.

- E o día 20 de maio dará comezo unha nova edición do curso de capacitación para o posto de inspector/a de servizos sociais en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública que prove e habilita para a función inspectora. As funcións da inspección de servizos sociais están definidas no artigo 73 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Con carácter xeral, aqueles centros que presentaban incumprimentos previos, nótase unha mellora continua no seu funcionamento e na prestación dos servizos.

Por último, a Xunta está a traballar no novo modelo de residencias, co fin de seguir mellorando a atención e calidade de vida das persoas maiores e con discapacidade. O deseño deste novo modelo residencial conta con representación de todos os ámbitos implicados: traballadores sociais, arquitectos, persoal médico e de enfermaría, familiares de usuarios etc.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:12:31  
**Nº Rexistro: 28687**  
Data envío: 24/01/2022 11:12:31.994

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:12:29

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19627**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da cesión do edificio que viña ocupando o antigo centro de saúde da Estrada para a posta en marcha dun centro de día"**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"Desde o ano 2009, Galicia incrementou nun 44% a oferta de prazas públicas en residencias de maiores, que pasou de 5.500 a máis de 8.000. A estas 8.000 prazas hai que sumarlle máis de 5.700 Bonos Residencia para axudar ás familias a pagar unha praza na residencia que prefiran mentres se atopan á espera dunha praza pública. Ademais, Galicia multiplicou por case catro as prazas en centros de día, pasando das 983 no 2009 a máis de 3.800 que existen na actualidade. En relación ao concello de A Estrada conta cun total de 90 prazas públicas para maiores: 40 prazas na residencia de maiores da Xunta, 20 prazas no centro de día municipal (que abriu no 2019), 23 bonos para residencia ou centro de día e 10 prazas xestionadas con fondos públicos na Unidade Terapéutica para persoas con Alzheimer. Ademais, o concello da Estrada ten preto de 62.000 horas anuais de SAF asignadas polas que a Xunta pon á súa disposición máis de 670.000€. Por outro lado, o Concello está interesado na cesión dese inmovible para usos sociais, polo que agardamos que o Goberno Central acceda a esa cesión".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:12:25  
**Nº Rexistro: 28686**  
Data envío: 24/01/2022 11:12:25.666

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:12:23

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 19630**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o ofrecemento polo Goberno galego, a través da área de Igualdade, dalgún tipo de apoio, acompañamento ou asesoramento ás mulleres afectadas pola difusión en páxinas web pornográficas das imaxes gravadas durante a Maruxaina 2019 de San Cibrao, no concello de Cervo”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 7 de abril de 2021, celebrouse unha sesión plenaria do Consello Galego das Mulleres, onde se presentou a solicitude feita pola asociación de “Mulleres en Igualdade de Burela (Bumei)”, en contra do ditame do xulgado de Viveiro referido as gravacións feitas e difundidas logo da festa da Maruxaina en 2019 e en apoio ás afectadas por este feito.

Por parte da Presidencia do pleno do Consello Galego das Mulleres propónse que se acorde unha nota de rexeitamento destas situacións e de apoio ás afectadas pola gravación da Maruxaina, sen prexuízo do respecto ás decisións xudiciais; sendo unánime a declaración adoptada polas persoas membro do Consello.



Asemade, o día 16 de abril de 2021, convócase un Pleno da Comisión de Publicidade Sexista de Galicia, dependente do Observatorio Autonómico contra a Violencia de Xénero, onde se trata sobre os feitos acontecidos na romaría da Maruxaina no Concello de Cervo.

En primeiro lugar, destacar a importancia de dar conta de dous casos que, se ben non teñen por obxecto directamente a publicidade sexista, si que afectan ao tratamento da igualdade por razón de xénero nos medios audiovisuais e, neste contexto, exponse a necesidade e conveniencia de modificar o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación, para acoller a análise de novas formas agresión, sobre todo as que se producen a través da internet e outros feitos que van máis alá da publicidade sexista ampliando tanto as funcións como a propia denominación da Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista.

Polo que de acordo con todos os membros se trata a problemática en torno ás gravacións efectuadas durante a romaría da Maruxaina en agosto de 2019 e publicadas en páxinas web de contido pornográfico. Despois de que tanto as persoas directamente afectadas como asociacións de mulleres presentaran demanda xudicial polos feitos descritos, o xuíz instrutor decidiu archivar o caso, ao entender que non existían indicios de delito porque as imaxes foron captadas na vía pública.

Como se dixo con anterioridade, a Asociación de Mulleres de Burela (Bumei), que forma parte do Consello Galego das Mulleres, levou este asunto ao pleno do consello que se celebrou o pasado 7 de abril, no cal se trasladou o rexeitamento e condena dos feitos, así como o seu apoio incondicional ás mulleres afectadas, acordando solicitar do Estado o desenvolvemento urxente de toda clase de medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que perseguen a erradicación deste tipo de accións.



Deste xeito, propónse á Comisión a adopción dun pronunciamento similar ao acordado no pleno do Consello Galego das Mulleres, para trasladar este asunto ás autoridades competentes na materia, como o “Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades”, o “Observatorio Estatal contra la Violencia de Género” e a Delegación do Goberno en Galicia.

As persoas integrantes da Comisión acordan proceder ao traslado indicado anteriormente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2022 11:58:25  
**Nº Rexistro: 29332**  
Data envío: 28/01/2022 11:58:25.463

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:58:22

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19632**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para paliar a situación en que se encontra a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas e para reforzala”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia valora positivamente o labor desenvolvido dende a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, que dá cumprimento dunha maneira eficaz e profesional á encomenda que ten asignada a Administración autonómica para a protección e apoio daquelas persoas coa súa capacidade de obrar modificada.

A FUNGA conta na actualidade cun plantel de 27 traballadoras e traballadores, tras terse incorporado dúas novas profesionais no ano 2021. Con estas dúas incorporacións, tense producido un incremento dun 50% no número de empregados con respecto ao ano 2009. Está prevista a creación dun novo equipo multidisciplinar de tutela, que se incorporará proximamente ao plantel da Fundación.

No ano 2021, prestouse atención a un total de 3.578 usuarios e usuarias, nomeadamente 2.006 curadorías representativas, 504 curadorías convencionais, 45 administracións de bens e 411 defensas xudiciais, así como 51 pre-tutelas, constituíndo o resto de cargos tutelares baixas e usuarios falecidos durante o ano.

A organización do actual plantel de traballadoras e traballadores permite que non quede sen cubrir ningunha das responsabilidades que lle son propias á FUNGA, tanto o seguimento e atención social ás persoas ao seu cargo, como os labores administrativos que os cargos



tutelares conlevan, ou a protección e asesoramento xurídico, complementado co labor en materia patrimonial desenvolvido desde este último departamento.

A FUNGA conta cos recursos materiais precisos para o cumprimento das súas funcións tutelares, destacando as actuais instalacións onde desenvolve o seu traballo, que foron postas en servizo no ano 2018 e contan con todo o equipamento necesario. Adicionalmente, vense realizando un importante esforzo en materia de dixitalización da documentación e implementación de aplicacións informáticas que favorecen unha maior axilización do traballo e evitan trámites burocráticos, así como unha mellora continua no equipamento informático posto á disposición das traballadoras e traballadores. No ano 2020 produciuse a incorporación de dous novos profesionais ao plantel da Fundación, o que sumado ás incorporacións producidas no ano 2021, permite que actualmente poida contar con seis equipos de tutela organizados segundo distribución xeográfica. A incorporación destes profesionais permitiu tamén o reforzamento do departamento de xestión patrimonial, que xa conta con dúas persoas asignadas ás funcións que lle son propias.

A dotación orzamentaria da FUNGA ascende para o ano 2022 a 1.570.009,70 euros, cun incremento do 20,25% con respecto a 2021 e dun 32,17% con respecto a 2020, exemplificando o compromiso da Xunta de Galicia coa mellora das condicións de traballo na Fundación e garantindo que a asignación económica á FUNGA irá sempre acompañada coas súas necesidades, o que permite dar cumprida atención ás necesidades das persoas baixo a súa protección.

Todas as persoas baixo curadoría da FUNGA teñen acceso á carteira pública de servizos sociais en igualdade de condicións que calquera outro cidadán, polo que son candidatas a residiren nos mesmos sempre que así se estableza trala oportuna valoración das súas circunstancias. Para todas as persoas ás que se lles presta apoio por parte da Fundación, que precisen dunha praza residencial e que non cumpran os criterios legalmente establecidos para a concesión dunha praza pública, a FUNGA procura os recursos residenciais máis adaptados ás súas necesidades, sen preferencia por ningún tipo de empresa ou entidade, dando así cumprimento ás obrigas que asume a Fundación coa



aceptación dos diferentes cargos tutelares, entres as que destacan a prestación de alimentos, entendida como a cobertura das necesidades básicas de sustento, habitación, vestido e asistencia médica, consonte ao artigo 142 do Código Civil. A Xunta de Galicia seguirá a dotar e ampliar os recursos cos que conta a Fundación de maneira acompañada ás necesidades que teña a FUNGA, tanto no tocante a recursos económicos como humanos e materiais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:12:18  
**Nº Rexistro: 28685**  
Data envío: 24/01/2022 11:12:18.869

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:12:16**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19637**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a suficiencia da dotación de recursos humanos e orzamentarios dos servizos sociais comunitarios para levaren a cabo o seu traballo”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Segundo os datos referentes aos Proxectos anuais de Servizos Sociais Comunitarios (PASSCM) presentados polos concellos de Galicia ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento aos efectos do establecido no Plan Concertado para o ano 2021, o persoal que figura nos ditos proxectos e presentados no ano 2021 ascende a un total de 1.754 traballadores. O perfil dos traballadores adscritos aos servizos sociais comunitarios dos concellos é moi variado: traballadores sociais, educadores sociais, psicólogos, pedagogos, auxiliares administrativos.

En relación coa aportación económica que achega a Xunta de Galicia para o seu financiamento, é preciso indicar que ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, o financiamento ascende no ano 2021 a máis de 12 M€”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:12:12  
**Nº Rexistro: 28684**  
Data envío: 24/01/2022 11:12:12.323

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:12:10**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19638**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da regulación da tarxeta básica co obxectivo de que permaneza no tempo máis alá da conxuntura xerada pola pandemia da covid-19”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta renovou o convenio coa Cruz Vermella para manter o funcionamento da Tarxeta Básica durante o primeiro semestre do ano 2022. Durante este período analizarase pormenorizadamente a evolución da pandemia e dos seus efectos e adaptarase esta prestación ás súas variacións. A Tarxeta Básica naceu durante os primeiros meses da pandemia para facer fronte ás necesidades máis urxentes das familias. Durante o último ano e medio ten axudado a máis de 57.000 galegas e galegos a comprar produtos de primeira necesidade de xeito áxil, sinxelo e sen estigmas.

Esta medida continúa estando ligada ás consecuencias socioeconómicas da pandemia. Con esta renovación búscase seguir atendendo ás familias que máis o necesitan na compra de produtos de alimentación, hixiene e farmacia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:12:05  
**Nº Rexistro: 28683**  
Data envío: 24/01/2022 11:12:05.901

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:12:03**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19661**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as principais irregularidades e incumprimentos detectados polos servizos de inspección de Política Social no tocante á xestión do Servizo de Axuda no Fogar”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As irregularidades detectadas polos servizos de Inspección da Consellería de Política Social máis frecuentes son a falta de supervisión no domicilio dos usuarios por parte do persoal técnico de coordinación. Os servizos de inspección propuxeron a imposición de sancións fundamentalmente por incumprimento na supervisión dos usuarios e nas rateos de persoal.

Por outro lado, a Xunta negociou coa Fegamp o incremento da achega autonómica ao Servizo de Axuda no Fogar. En base a este acordo, a contía que achega a Xunta a este servizo subirá un 24% ao longo desta legislatura pasando dos 9,7 euros/hora actuais aos 12 euros/hora no ano 2024”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:11:59  
**Nº Rexistro: 28682**  
Data envío: 24/01/2022 11:11:59.182

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:11:56**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19663**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da reforma da lexislación vixente para anular a incompatibilidade da Renda de inclusión social de Galicia co Ingreso Mínimo Vital”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O alcance de persoas beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital (6% de persoas en risco de pobreza) evidencia a mala xestión que esta a realizar o Executivo central con esta prestación.

Ante esta situación, a Xunta de Galicia leva alertando, desde antes da posta en marcha desta axuda, de que este método é pouco eficiente e dificultoso para as persoas beneficiarias. Por iso o Goberno galego segue reclamando que se lle conceda a xestión desta prestación, do mesmo xeito que se comprometeu co País Vasco e con Navarra.

Actualmente a Risga conserva o 70% dos perceptores que tiña antes da posta en marcha do IMV.

Para mellorar esta prestación autonómica e adaptala ao novo mapa de axudas, a Xunta está a tramitar unha nova Lei de inclusión social que permitirá

A redución do tempo e do papelame na tramitación de axudas de inclusión;

A compatibilización dos ingresos procedentes dun traballo cos dunha axuda;

A lei revisará a contía e condicións do complemento de vivenda de forma especial para



familias con menores a cargo.

Nos orzamentos de 2022 garántese que todos as galegas e galegos que cumpran os requisitos necesarios para percibir a Risga, accedan a ela”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:11:52  
**Nº Rexistro: 28681**  
Data envío: 24/01/2022 11:11:52.620

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:11:50**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19666**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o desenvolvemento normativo dos requirimentos materiais e funcionais de determinados servizos para persoas dependentes con discapacidade”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, supuxo un avance importante ao desenvolver o catálogo da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, en seis carteiras de servizos específicos para persoas con discapacidade: discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido, discapacidade intelectual, autismo e enfermidade mental. Destacar que na elaboración destas carteiras participaron as distintas federacións de entidades do sector.

Esta norma, o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, iniciou un cambio de enfoque na regularización dos servizos ao priorizar o que se fai nos centros sobre as características dos propios centros.

Tal e como se incluíu no Plan de Inspección do ano 2020 dende a Xunta de Galicia iniciouse o procedemento de desenvolvemento da normativa en materia de discapacidade estando actualmente en tramitación. Esta nova normativa paliará o déficit normativo existente en relación aos requisitos materiais e funcionais dos centros de discapacidade.

É de destacar que a tramitación desta nova normativa é un procedemento complexo que require o cumprimento de diversos trámites, así como da emisión de distintos informes preceptivos, sen prexuízo dun trámite necesario de consultas coas entidades do sector aos



efectos de que sexa unha norma consensuada.

No ano 2020 e no contexto da pandemia, a Xunta de Galicia centrou os seus esforzos na saúde e protección da poboación institucionalizada, polo que os procesos de desenvolvemento normativo víronse afectados pola crise sanitaria. Actualmente, ante a evolución da situación epidemiolóxica, dende o Goberno autonómico continúaase a traballar na elaboración do texto normativo de desenvolvemento da normativa en materia de discapacidade que se entende debe ser unha norma consensuada coas entidades do sector.

Polo exposto, incídese en que a Xunta de Galicia ten en marcha o proceso de elaboración do desenvolvemento do marco normativo referenciado o que subsanará o déficit normativo neste eido, sempre baixo a premisa de que debe ser un proceso participativo e consensuado coas entidades que conforman o tecido da atención á discapacidade.

Así, esta normativa establecerá os requisitos materiais e funcionais dos distintos recursos residenciais e de atención diúrna, diferenciando por cada tipo de discapacidade: discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido, discapacidade intelectual, autismo e enfermidade mental. Con este obxectivo trátase de buscar unha atención de calidade e adecuada a cada tipo de discapacidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:11:45  
**Nº Registro: 28680**  
Data envío: 24/01/2022 11:11:45.839

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:11:42

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19669** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns polas que a empresa Greenalia tivo acceso á información sobre o contido dos plans de recuperación e conservación de especies ameazadas que non eran de acceso e coñecemento público”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información ambiental é facilitada a aqueles que así o solicitan no marco do establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de acordo cos procedementos e limitacións establecidas nas citadas normas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2022 11:58:12  
**Nº Rexistro: 29331**  
Data envío: 28/01/2022 11:58:12.948

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:58:08**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19673**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as listaxes de agarda para as valoracións de discapacidade en Galicia”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia traballa para seguir a mellorar os procesos de valoración da discapacidade.

Deste xeito, en xuño de 2018 púxose en marcha un Plan de acción no que se activaron un conxunto de medidas para mellorar a valoración da discapacidade e aumentar os tempos de resposta.

Este Plan de acción supuxo un incremento moi importante de persoal de valoración e de creación de novos equipos de valoración, cun incremento do 75% sobre o número de equipos existentes. Un incremento equivalente volveuse a realizar en abril de 2019. E en marzo de 2020 púxose en marcha un Plan especial de reforzo de persoal técnico no procedemento de valoración da discapacidade, cofinanciado pola Unión Europea a través do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, a través do cal se crearon 17 novos equipos de valoración da discapacidade. A súa posta en funcionamento viuse condicionada no seu inicio pola crise ocasionada por COVID-19 e a falta de persoal médico para conformar os equipos, polo que non se puido iniciar a contratación do persoal ata finais de xuño de 2020 e non se completaron todos os equipos ata outubro de 2020.

O resultado das medidas de reforzo de persoal está a ser moi positivo, xa que permiten acelerar o número de expedientes de valoración e aumentar o número de expedientes resoltos.

Doutra banda, cabe destacar que froito das melloras do procedemento implantadas e o



novo modelo de xestión de citas, constátase un incremento na produtividade de valoración dos técnicos fixos de máis do 10% acumulativo.

En canto ao tempo de resolución de expedientes, é moi variable dependendo do tempo que se tarda en completar os expedientes de valoración e en función do criterio de urxencia aplicado, do tipo de valoración, a sección de valoración así como distintas circunstancias do persoal valorador, como enfermidade, días de permisos, vacacións etc”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:11:38  
**Nº Rexistro: 28679**  
Data envío: 24/01/2022 11:11:38.448

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:11:35**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19674** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a disposición da Xunta de Galicia para dialogar e consensuar un novo modelo común para a xestión e oferta educativa de todos os conservatorios galegos”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 16634 e publicada no BOPG número 178 , de data 02/08/2021; á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/01/2022 09:44:22  
**Nº Rexistro: 28940**  
Data envío: 26/01/2022 09:44:22.770

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:44:19**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 19676**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o bono de alugamento social nos casos de mulleres afectadas pola violencia machista”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia habilita unha liña de axudas con máis de dous millóns de euros no ano 2021 para ofrecer unha oportunidade e garantir a autonomía e independencia ás vítimas da violencia de xénero, garantíndolles o acceso a un fogar.

Apoiar as vítimas de violencia de xénero, así como aos seus fillos e fillas no acceso a unha vivenda, supón darlles unha oportunidade de para comezar unha nova vida na que sexan capaces de recuperar a capacidade de tomar decisións sen temores e medos e con total e absoluta independencia.

A concesión é por un período de 12 meses, prorrogable dúas veces máis ata chegar a un máximo de tres anos.



Poderase solicitar tamén unha axuda única adicional, de ata 600 euros, que se destinará a atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións ou a facer fronte a pagos atrasados.

O bono de alugueiro ten un importe máximo de 225, 200 ou 175 euros, dependendo do concello no que se atope a vivenda, que equivale ao 50% da contía máxima que pode acadar o prezo do alugueiro en cada zona.

En todo caso, a Xunta tomou a decisión de asumir o 100% da renda do alugueiro das persoas beneficiarias desta axuda, tal e como fixo en 2020; polas circunstancias sociais derivadas da pandemia da covid-19.

Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, está financiado polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero. No marco da convocatoria deste programa no 2020 concedéronse 159 axudas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2022 11:57:59  
**Nº Rexistro: 29330**  
Data envío: 28/01/2022 11:57:59.886

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:57:57**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19689** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a listaxe de persoas que integra o programa de asignación de recursos en materia de dependencia”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Programa de Asignación de Recursos (PAR) en Galicia está formado, principalmente, polas persoas en situación de dependencia recoñecida que non perciben outra prestación do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. O acceso ao recurso recoñecido se realiza por orde de prelación establecido normativamente no que prima o maior grao de dependencia recoñecido, a menor capacidade económica, a situación sociofamiliar da persoa en situación de dependencia, a non percepción doutras prestacións, a data da solicitude e idade da persoa solicitante. O principal recurso polo que as persoas se atopan á espera é o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), servizo de titularidade municipal no que a prestación efectiva correspóndelle ao concello titular do mesmo, e a Xunta de Galicia contribúe ao seu financiamento mediante o pago das horas efectivas de prestación do servizo. Respecto da atención en centros residenciais, o número de persoas á espera da asignación de praza pública é moito mais reducido e, en moitos casos, as persoas permanecen no PAR máis tempo porque as persoas renuncian á praza asignada inicialmente e prefiren esperar a dispoñer dunha da súa preferencia nun centro concreto e específico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:11:28







En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19698** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación actual da rede de puntos de encontro familiar”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Entre outros, os PEF teñen os seguintes obxectivos:

- Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación.
- Facilitar o encontro dos fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa.
- Garantir a seguridade dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia.

A Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia está integrada por sete centros, todos eles de titularidade da Xunta de Galicia, situados nas sete grandes cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Na actualidade a Xunta de Galicia está a analizar a mellora dos PEF xa existentes e o incremento do número dos mesmos na nosa Comunidade coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia.



Por todo isto, estase realizando un estudo detallado nesta materia para tomar a decisión máis eficiente e favorable aos usuarios.

Deste xeito, en 2022, Galicia vai duplicar a extensión da rede de Puntos de Encontro Familiar, pasando dos sete actuais a catorce, coa apertura do PEF do Barbanza e doutros seis novos centros comarcais, para as familias que precisan dun apoio para cumprir os réximes de visitas dos fillos.

Dende os PEF, abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas. As derivacións a estes centros procedentes de xulgados de violencia de xénero reciben un tratamento diferenciado por parte do equipo multidisciplinar do propio PEF, distinto ao que recibe o resto de casos.

De feito, todos os PEF de Galicia contan cun protocolo de actuación para que agresor e vítima non teñan ningún tipo de contacto. Desde a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica tense ratificado cos sete centros que este protocolo se está a aplicar con total normalidade en todos os centros de Galicia, sen que consten neste centro directivo incidencias ao respecto.

Ademais, mantense unha coordinación permanente cos recursos específicos, tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como con Xulgados, programas de intervención familiar, concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:11:24  
**Nº Rexistro: 28677**  
Data envío: 24/01/2022 11:11:24.183

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:11:18**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19700** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto do reforzo dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Coa finalidade de contribuír a loita contra a violencia de xénero, durante o período de pandemia no 2020 e durante o ano 2021, continuaron realizándose e manténdose todas actuacións autonómicas en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, medidas que se viron reforzadas durante a declaración do estado de alarma para non deixar ás mulleres desprotexidas con motivo da situación de pandemia.

Finalizado o estado de alarma en España, lanzouse a campaña co lema ‘Seguimos en alerta fronte á violencia de xénero’ para reforzar a idea de que os servizos públicos seguían operativos e estaban ao 100% do seu rendemento, pois o contexto de semi-confinamento, onde as vítimas pasan máis tempo na casa e son máis vulnerables, e con posibles confinamentos futuros dada a evolución da pandemia, facía conveniente lanzar mensaxes para non baixar a garda. E tras o estado de alarma había que deixar claro que a sociedade e as institucións seguían en alerta fronte á violencia de xénero.

Polo tanto, é importante salientar o mantemento de todos os servizos de información, atención e prevención da violencia de xénero, e facer chegar ás mulleres vítimas e a toda a sociedade que eses servizos seguen plenamente operativos e á súa disposición a pesar das medidas e restricións.

Respecto dos Centros de Información ás Mulleres (CIM), sinalar que, de acordo co ‘Decreto 1



30/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, son un recurso de titularidade municipal, polo tanto, correspóndelles ás entidades locais (concellos, mancomunidades, etc.) a iniciativa da súa creación, sendo competencia da Xunta de Galicia verificar os requisitos para o seu recoñecemento e acreditación.

A finais do ano 2020 acreditouse un novo CIM no concello de O Pereiro de Aguiar e a principios do ano 2021 no concello de Carballada de Avia, ambos os dous na provincia de Ourense, pasando a estar constituída a rede de CIM por un total de 84 centros espallados por toda a xeografía galega, con representación nas catro provincias.

Porén, se temos en conta que unha parte dos CIM representan a unha mancomunidade ou a unha agrupación de municipios, conclúese que o número de concellos de Galicia que reciben a prestación dos servizos a través dos CIM é de 191 (61% do total de concellos de Galicia). Ademais, en termos poboacionais os 84 CIM dan cobertura a 2.191.658 habitantes, que representan o 81% da poboación total.

Neste eido, o Goberno autonómico mantén un programa de apoio aos CIM mediante unha convocatoria anual de axudas. No orzamento do 2021 o importe da convocatoria ascendeu a 4.959.894€, o cal amosa o compromiso da Xunta de Galicia no apoio ás entidades locais na prevención e loita contra a violencia de xénero, contribuíndo así ao financiamento e sostemento dos CIM como recurso de titularidade municipal.

Respecto dos recursos de acollemento, sinalar que ante a situación de indefensión na que se atopan moitas mulleres en situación de violencia de xénero, nalgúns casos con grave perigo para elas e as súas fillas e fillos, a Xunta de Galicia ten articulada unha rede de casas de acollida, que están interconectadas entre si. En colaboración cos concellos e outras institucións préstase este servizo en distintas localidades das catro provincias galegas.



Así mesmo, mantense unha estreita colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata.

Por último, é preciso facer referencia a outros recursos de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, como as axudas e subvencións destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o financiamento de programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, nas que un dos tipos de programa subvencionados son os programas de recursos integrais de atención personalizada e especializada para mulleres en situación de especial vulnerabilidade, pertencentes a un ou varios colectivos nos que conorra dita situación (entre os que se atopan as vítimas de violencia de xénero). E entre outras moitas medidas destácase que no marco do Grupo de traballo 1, constituído dentro do Observatorio Galego da violencia de Xénero, levouse a cabo o deseño e redacción do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, para facilitar a coordinación e colaboración entre as distintas entidades e axentes que interveñen no eido da violencia de xénero e garantir unha atención integral ás mulleres e menores que a sofren”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:57:46





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19701** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de maltratadores que teñen recoñecido en Galicia o dereito a visita aos nenos e nenas e que acoden aos puntos de encontro familiar”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas. A norma que regula os puntos de encontro familiar en Galicia é o Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

Estes recursos constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo. O obxectivo dos puntos de encontro familiar son, entre outros, favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación, facilitar o encontro dos fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa e, ao mesmo tempo, garantir a seguridade dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia. Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia non determina o acceso dos usuarios aos PEF, senón que dito acceso realízase por derivación da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, logo da solicitude dos órganos xudiciais competentes ou, excepcionalmente, das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, nos supostos de menores sobre os que a Comunidade Autónoma de Galicia teña asumida a tutela ou a garda.

Polo tanto, non é a Xunta de Galicia a que determina o acceso ao PEF dunha persoa condenada





por violencia de xénero, senón que é o órgano xudicial competente.

Respecto disto, dende os Puntos de Encontro Familiar abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas. É dicir, as derivacións aos PEF procedentes de xulgados de violencia de xénero reciben un tratamento diferenciado por parte do equipo multidisciplinar do propio Punto de Encontro, distinto ao tratamento que recibe o resto de casos. De feito, en todos os PEF de Galicia cóntase cun protocolo en relación ao réxime de visitas establecido xudicialmente para que agresor e vítima non teñan ningún tipo de contacto, e desde a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica tense ratificado coas entidades que xestionan estes centros que este protocolo se está a aplicar con total normalidade en todos os centros de Galicia, sen que consten neste centro directivo incidencias ao respecto.

Ademais, na actuación dos PEF mantense unha coordinación permanente cos recursos específicos, tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como con Xulgados, programas de intervención familiar, Concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia.

Respecto da opinión sobre o feito de que un maltratador manteña dereitos sobre as crianzas, lembramos que a Xunta de Galicia -ao igual que o resto de comunidades autónomas- executa o que establece o xulgado correspondente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:11:13  
**Nº Rexistro: 28676**  
Data envío: 24/01/2022 11:11:13.902

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:11:11

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19704** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o censo único de persoas usuarias de residencias de maiores anunciado pola Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Optimizar os fluxos de información das residenciais e dos seus usuarios cun censo común constitúe un primeiro paso na remodelación da atención residencial e na integración socio sanitaria. Este rexistro permitirá dispoñer dun axeitado control do número de usuarios dos centros de maiores e discapacidade autorizados pola Consellería de Política Social.

O censo materialízase mediante un rexistro informático das altas e baixas nos centros residenciais públicos e privados. Recollerá os datos de filiación do usuario, a data de ingreso así como a data e causa de baixa na residencia (falecemento, traslado, ou ingreso hospitalario). Actualizarase diariamente e estará integrado informáticamente coas aplicacións tanto do sistema sanitario (historia clínica electrónica) como coa aplicación informática de xestión de centros residenciais públicos actual, ofertándose a conexión ás aplicacións informáticas de xestión de centros alleas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:11:07  
**Nº Rexistro: 28675**  
Data envío: 24/01/2022 11:11:07.308

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:11:02

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19706** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“os motivos do Goberno galego para pedir a reversión da transferencia do antigo centro de saúde de Betanzos en lugar de convertelo nun centro de día”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego planifica a creación de novos centros para maiores en toda Galicia de acordo a un estudo previo das necesidades que existan en cada zona, pero sempre co obxectivo de dar unha resposta comarcal a esa demanda e que, polo tanto, non se cinga única e exclusivamente aos potenciais usuarios que teña un municipio en concreto.

Nos municipios da área coruñesa situados na contorna de Betanzos hai na actualidade cinco centros en funcionamento pertencentes á rede da Xunta de Galicia. Estes centros, que están pensados como equipamentos de carácter supramunicipal para dar servizo a usuarios de varios concellos, están situados en Culleredo, Oleiros, Curtis, Sada e Miño. Ademais, teñen unha capacidade máxima de 250 prazas, existindo na actualidade prazas dispoñibles.

Así mesmo, é importante ter en conta que o Concello de Betanzos conta cun centro de día de titularidade privada. Os usuarios que así o desexen e cumpran coas características necesarias poderán acollerse a un bono para facer fronte ao custe da praza.

De todos os xeitos, o Concello de Betanzos ten a posibilidade de promover e construír un centro de día de titularidade e xestión municipal, tal e como fan outros concellos (Porto do Son, Lousame...). Neste caso, a Xunta estaría en disposición de colaborar na súa construción mediante o financiamento da obra con fondos do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia do programa Next Generation.



Neste caso, a Xunta tamén colaboraría no financiamento deste centro a través das axudas públicas para todas as prazas mediante as libranzas vinculadas que recibirían os potenciais usuarios, ao igual que se fai co resto de centros de día de titularidade e xestión municipal que funcionan en Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:10:58  
**Nº Rexistro: 28674**  
Data envío: 24/01/2022 11:10:58.621

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:10:55**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19707** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto dos permisos de maternidade e paternidade nas familias monoparentais”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Respecto das familias monoparentais, a Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia que revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias e introduce o mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais. Así mesmo, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais, previsto na nova redacción dada ao 13.3 da lei 3/2011, de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos certificados de familia





monoparental. A maior abundamento a nova regulación permitirá regular a creación do rexistro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.

Para realizar isto, a Xunta de Galicia realizou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso. O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas.

Sobre isto, desde a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, tense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido xa medio cento de achegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:10:51  
**Nº Rexistro: 28673**  
Data envío: 24/01/2022 11:10:51.512

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:10:49**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19719** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e don Luis Bará Torres, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para solucionar o problema das verteduras ao río Asneiro procedentes da depuradora de Botos, no concello de Lalín”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, está a traballar no control e eliminación dos vertidos mediante a inspección do funcionamento das estación de depuración de augas residuais, o asesoramento, a autorización de vertidos e a sanción, no caso de que proceda, dos incumprimentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2022 11:57:37  
**Nº Rexistro: 29328**  
Data envío: 28/01/2022 11:57:37.495

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:57:34**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19803** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o contido da auditoría que está a realizar a Xunta de Galicia nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Ao abeiro do Programa intensivo de auditorías en residencias, no ano 2020 se realizaron preto de 300 visitas para avaliar o cumprimento de protocolos e medidas fronte á covid-19.

As auditorías leváronse a cabo entre os meses de novembro e decembro, e foron efectuadas por técnicos superiores de prevención de riscos laborais. O plan procuraba supervisar o grao de implantación das medidas de seguridade, así como a súa actualización. Para iso, realizáronse visitas e tamén se achegaron cuestionarios para avaliar a preparación do persoal encargado. Ademais, cando se detectou que algunha residencia necesitaba apoio, se desprazaron técnicos da Consellería de Política Social para implantar melloras naqueles eidos nos que fosen necesarios. O programa tivo unha duración de aproximadamente un mes e foi complementario ás inspeccións sociais e sanitarias conxuntas que se fan de xeito ordinario. No ano 2020 se realizaron dentro do Plan de Inspeccións máis de 1.132 comprobacións nos centros de servizos sociais, das que ao redor de 360 se levaron a cabo en residencias de maiores e persoas con discapacidade. Para o 2021 o obxectivo é continuar mellorando e superar as 1.500 inspeccións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:10:45  
**Nº Rexistro: 28672**  
Data envío: 24/01/2022 11:10:45.340

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:10:43**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19804** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do deseño dunha verdadeira renda mínima en Galicia”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está a traballar na reforma da Lei de Inclusión Social de Galicia, en estreita colaboración coas entidades e os profesionais que traballan no sector.

O obxectivo principal da reforma é adaptar a Renda de inclusión social de Galicia (Risga) e as Axudas de Inclusión Social (AIS) ao novo contexto xurdido coa posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital (IMV), e así mesmo apostarase pola simplificación e a redución da burocracia, co fin de que a tramitación destas axudas sexa o máis rápida e áxil posible.

No marco dos ditos traballos contemplárase a creación de programas e complementos que poidan apoiar ás persoas perceptoras do IMV no seu proceso de inclusión social activa, toda vez que nesta prestación unicamente se proporciona apoio de carácter económico básico.

Cómpre destacar que nesta Comunidade non se extingue a RISGA polo feito de cumprir os requisitos para acceder ao IMV nin de telo solicitado, senón unicamente cando se ten constancia da concesión efectiva do IMV, e sempre que o importe desta última prestación sexa superior ao das pensións non contributivas e a aquel que, de conformidade coa normativa, permitiría percibir unha RISGA complementaria.

Esto é especialmente importante tendo en conta que a normativa reguladora do IMV aínda



non está configurada de xeito definitivo, e a resolución das axudas está a sufrir un atraso considerable, polo que o obxectivo da comunidade autónoma de Galicia é que ningunha persoa quede desasistida”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**







Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:10:34**





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19805** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución dos dereitos laborais do persoal da Consellería de Política Social suspendidos no ano 2012”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, suspendeu a aplicación dunha serie de artigos do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, entre eles o artigo 19.

O artigo 1º do V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia establece o ámbito persoal e territorial: ‘Este convenio colectivo establece e regula as normas polas que se rexerán as relacións de carácter xurídico-laboral entre a Xunta de Galicia e o persoal que, suxeito á lexislación laboral, preste os seus servizos baixo a súa dependencia e a dos seus organismos autónomos.’

O V convenio colectivo único, non é exclusivo da Consellería de Política Social, senón que afecta a todo o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Nos centros da Consellería de Política Social hai protocolos supervisados pola Dirección Xeral de Saúde Pública e unhas avaliacións de riscos laborais en consonancia cos protocolos. Os centros contan coas medidas e cos equipos de protección oportunos.

Os traballadores do ámbito da política social teñen reguladas as súas condicións de traballo polo V convenio colectivo.

A xornada máxima anual é de 1.665 horas, pero a inmensa maioría dos traballadores da Consellería de Política Social está por baixo das 1.600 horas. Ningún traballador traballa



máis de 5 días consecutivos, nin realiza máis de 2 noites consecutivas. Ademais, teñen descanso alternativo de fin de semana (unha fin de semana de traballo e unha fin de semana de descanso). As substitucións están garantidas para todas as ausencias, como permisos ou vacacións. E teñen un reforzo de 159 efectivos contratados con motivo da actual pandemia, distribuídos entre todos os centros residenciais dependentes desta Consellería.

Desde a Consellería de Política Social e por suposto desde os seus centros de atención socio sanitaria respéctanse as disposicións contidas no citado convenio e na normativa laboral aplicable.

Os centros dispoñen de protocolos de actuación específicos fronte ao Covid. Os servizos de prevención de riscos laborais da Xunta de Galicia elaboraron as avaliacións de riscos en base a eses protocolos e realizaron cursos de prevención entre os efectivos dos centros. Por outra banda, nos centros de política social existen EPIS suficientes e axeitados.

En consecuencia, desde a administración fíxose todo o posible porque as condicións laborais foran as mellores na situación de pandemia que estamos a vivir”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:10:28





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19807** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración por parte do Goberno galego da ratio de persoal establecida na normativa vixente para as residencias de persoas maiores"**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"Como se indica no texto da pregunta os requisitos das residencias de persoas maiores regúlanse na Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

Respecto das residencias, esta Orde recolle o seguinte:

'Todo centro residencial deberá contar coa figura dun responsable.

O persoal será o adecuado en número e especialización para prestar os servizos correspondentes.

A rateo mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa será de 0,20 por usuario en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes. Para estes efectos entenderase por atención directa a realizada tanto por persoal xerocultor como sanitario.

Garantírase a vixilancia e coidado da saúde dos residentes por persoal cualificado para esta función. Os centros cun número inferior a 40 prazas asistidas deberán contar coa presenza localizada de médico e ATS ou DUE durante as 24 horas. Aqueles cun número superior de prazas asistidas, ademais da presenza localizada do persoal médico, deberán contar coa presenza física do ATS ou DUE as 24 horas.



Sen prexuízo do anterior deberáselles prestar unha asistencia sanitaria integral a tódolos residentes, a través de prestacións de servizos profesionais propios ou concertados'.

Polo tanto os requisitos de persoal das residencias de persoas maiores que se esixen pola normativa autonómica son os mesmos dende o ano 1996, sen que se houberan modificado en ningunha das lexislaturas dende a súa aprobación.

Os requisitos que se esixen na nosa comunidade autónoma non difiren dos que se esixen no marco das restantes comunidades autónomas, estando por enriba de varias delas en especial no que se refire aos requisitos do persoal de enfermaría.

Malia o anterior dende a Xunta de Galicia estase a traballar no novo modelo de residencias, no que se están a avaliar as novas necesidades que se detectan nas residencias en canto aos seus requisitos estruturais, funcionais, de coordinación sociosanitaria, e de persoal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**



Asinado dixitalmente por:




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2022 11:10:24  
**Nº Rexistro: 28669**  
Data envío: 24/01/2022 11:10:24.684

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:10:22**

CSV: BOPGDSPG-CNIXvAnzG-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**De:** Comisión Mixta para la Unión Europea <[cmue@congreso.es](mailto:cmue@congreso.es)>

**Enviado el:** lunes, 17 de enero de 2022 12:40

**Asunto:** Remisión a efectos del artículo 6.1 de la Ley 8/1994 [COM(2021) 760]

**Asunto:** Propuesta de DIRECTIVA DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO por la que se modifican la Directiva 2002/8/CE del Consejo, las Decisiones Marco 2002/465/JAI, 2002/584/JAI, 2003/577/JAI, 2005/214/JAI, 2006/783/JAI, 2008/909/JAI, 2008/947/JAI, 2009/829/JAI y 2009/948/JAI del Consejo, y la Directiva 2014/41/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, en lo que respecta a la digitalización de la cooperación judicial [COM(2021) 760 final] [2021/0395 (COD)] {SWD(2021) 392} {SWD(2021) 393} {SEC(2021) 580}

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: [cmue@congreso.es](mailto:cmue@congreso.es)

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA


**Nota:** Los documentos SWD(2021) 392, Impact Assessment, SWD(2021) 393, Resumen de la evaluación de impacto, en castellano, y SEC(2021) 580, Subsidiarity Grid, se los hemos remitido esta misma mañana con la propuesta COM (2021) 759 final, a la que también acompañan.







COMISIÓN  
EUROPEA



Bruselas, 1.12.2021  
COM(2021) 760 final

2021/0395 (COD)

Propuesta de

## DIRECTIVA DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

**por la que se modifican la Directiva 2002/8/CE del Consejo, las Decisiones Marco 2002/465/JAI, 2002/584/JAI, 2003/577/JAI, 2005/214/JAI, 2006/783/JAI, 2008/909/JAI, 2008/947/JAI, 2009/829/JAI y 2009/948/JAI del Consejo, y la Directiva 2014/41/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, en lo que respecta a la digitalización de la cooperación judicial**

{SWD(2021) 392} - {SWD(2021) 393} - {SEC(2021) 580}



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### 1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA

#### • Razones y objetivos de la propuesta

Una cooperación judicial transfronteriza eficiente requiere una comunicación segura, fiable y rápida entre los órganos jurisdiccionales y las autoridades competentes. Además, esta cooperación debe llevarse a cabo de manera que no genere una carga administrativa desproporcionada y sea resiliente ante circunstancias de fuerza mayor.

A escala de la UE, existe un amplio conjunto de instrumentos diseñados para mejorar la cooperación judicial en los asuntos civiles, mercantiles y penales transfronterizos. Muchos de estos regulan la comunicación entre autoridades, incluso en algunos casos con los órganos y organismos de Justicia y Asuntos de Interior (JAI) de la UE. Sin embargo, la mayoría de los instrumentos no contemplan el establecimiento de dicha comunicación a través de medios digitales. Incluso en los casos en que lo hacen, siguen existiendo otras lagunas, como la falta de canales digitales de comunicación seguros y fiables o la falta de reconocimiento de documentos, firmas y sellos electrónicos, lo que impide que la cooperación judicial utilice los canales de comunicación más eficientes, seguros y fiables disponibles.

Además, la pandemia de COVID-19 ha demostrado que los acontecimientos de fuerza mayor pueden afectar gravemente al funcionamiento normal de los sistemas judiciales de los Estados miembros. Durante la crisis, en muchos casos los órganos jurisdiccionales nacionales no han podido mantener su funcionamiento habitual debido a la propagación del virus. Los Estados miembros se vieron obligados a adoptar una serie de medidas que iban desde el cierre total hasta el tratamiento de solo algunos casos prioritarios. Al mismo tiempo, las actividades que podían llevarse a cabo digitalmente (por ejemplo, por correo electrónico, videoconferencia, etc.) pudieron continuar sin interrupción. Sin embargo, muchas de las soluciones técnicas empleadas se desarrollaron de manera *ad hoc* y no siempre cumplían plenamente las normas en materia de seguridad y derechos fundamentales. La cooperación judicial en los asuntos transfronterizos de la UE se ha visto igualmente afectada, y la pandemia de COVID-19 ha puesto de manifiesto la necesidad de garantizar la resiliencia de la comunicación.

En este contexto, la Comisión propuso la adopción de un conjunto armonizado de normas sobre digitalización, cuyo objetivo es mejorar el acceso a la justicia y la eficiencia y resiliencia de los flujos de comunicación inherentes a la cooperación entre las autoridades judiciales y otras autoridades competentes en asuntos transfronterizos en la UE [Referencia al *Reglamento sobre digitalización*]. La propuesta de Reglamento establece que la comunicación escrita entre las autoridades competentes que participan en la cooperación judicial en materia civil, mercantil y penal debe realizarse a través de canales digitales de comunicación, sin perjuicio de excepciones justificadas. Con el fin de garantizar que la comunicación se lleve a cabo de manera uniforme dentro del ámbito de aplicación de todos los instrumentos jurídicos de la Unión en materia civil, mercantil y penal, deben armonizarse determinadas disposiciones que ya regulan la comunicación para garantizar el intercambio de información «digital por defecto»<sup>1</sup>. El objetivo de las modificaciones es garantizar la seguridad jurídica en aquellas situaciones en las que las disposiciones existentes pueden regular la comunicación de

<sup>1</sup> En el contexto de la presente propuesta de Directiva, el principio de «digital por defecto» debe entenderse como una forma de mejorar la eficiencia y la resiliencia de la comunicación y de reducir los costes y la carga administrativa, dándole preferencia al uso del canal digital de comunicación.

manera diferente a la del Reglamento propuesto. Teniendo en cuenta que algunos de los actos jurídicos en cuestión son decisiones marco y directivas, procede modificarlos mediante una Directiva, que también establece aspectos relacionados con la incorporación al Derecho nacional.

Dado que la Decisión Marco 2003/577/JAI<sup>2</sup> y la Decisión Marco 2006/783/JAI<sup>3</sup> siguen aplicándose no solo entre los Estados miembros que no están vinculados por el Reglamento (UE) 2018/1805<sup>4</sup>, sino también entre cualquier Estado miembro que no esté vinculado por el Reglamento (UE) 2018/1805 (en particular Irlanda) y cualquier Estado miembro que esté vinculado por el Reglamento (UE) 2018/1805, también se proponen modificaciones de estas Decisiones Marco en la presente propuesta, en caso de que Irlanda decida participar en el *Reglamento sobre digitalización*\*.

- **Coherencia con las disposiciones existentes en la misma política sectorial**

La propuesta de la Comisión sobre la digitalización de la cooperación judicial y del acceso a la justicia en los asuntos civiles, mercantiles y penales (en lo sucesivo, «la propuesta de Reglamento») establece un conjunto completo de normas horizontales relativas al uso del canal digital de comunicación entre autoridades judiciales, la posibilidad de que las personas físicas y jurídicas se comuniquen con las autoridades judiciales por medios electrónicos y el uso de la videoconferencia.

Teniendo en cuenta que el objetivo de la presente propuesta es garantizar la adaptación de las Decisiones Marco y Directivas en materia civil y penal a las disposiciones de la propuesta de Reglamento y modificar las disposiciones jurídicas contradictorias, la propuesta de Directiva hace referencias coherentes a la propuesta de Reglamento para todas las normas horizontales sobre comunicación.

- **Coherencia con otras políticas de la Unión**

Del mismo modo, la propuesta de Reglamento se ajusta plenamente a las disposiciones legales vigentes en el ámbito de los servicios de confianza y la protección de datos.

Dado el carácter altamente sensible de la información intercambiada, es esencial que la aplicación del enfoque basado en un conjunto de herramientas sobre la digitalización de la justicia, también a través de la presente propuesta, se lleve a cabo de manera que se garanticen unas normas de ciberseguridad sólidas. Este planteamiento es coherente con el enfoque descrito en la Estrategia de Ciberseguridad de la UE<sup>5</sup> y con la propuesta de Directiva de la Comisión relativa a las medidas destinadas a garantizar un elevado nivel común de ciberseguridad en la Unión (SRI 2)<sup>6</sup>, orientada a seguir mejorando las capacidades de las

---

<sup>2</sup> Decisión Marco 2003/577/JAI del Consejo, de 22 de julio de 2003, relativa a la ejecución en la Unión Europea de las resoluciones de embargo preventivo de bienes y de aseguramiento de pruebas (DO L 196 de 2.8.2003, p. 45).

<sup>3</sup> Decisión Marco 2006/783/JAI del Consejo, de 6 de octubre de 2006, relativa a la aplicación del principio de reconocimiento mutuo de resoluciones de decomiso (DO L 328 de 24.11.2006, p. 59).

<sup>4</sup> Reglamento (UE) 2018/1805 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 14 de noviembre de 2018, sobre el reconocimiento mutuo de las resoluciones de embargo y decomiso PE/38/2018/REV/1 (DO L 303 de 28.11.2018, p. 1).

\* Reglamento (UE) [...] del Parlamento Europeo y del Consejo sobre la digitalización de la cooperación judicial y el acceso a la justicia en los asuntos transfronterizos civiles, mercantiles y penales (DO L...).

<sup>5</sup> JOIN/2020/18 final.

<sup>6</sup> COM 2020/823 final.



